

Festival de Xadrez Laroca - 25º aniversario

XXV TORNEO DE XADREZ LAROCA – Blitz

XXV TORNEO DE XADREZ LAROCA – Sub 1600

XXV TORNEO DE XADREZ LAROCA (FIDR)



ORGANIZA: Club de Xadrez Laroca

COLABORAN:



Concello de Nigrán



	Torneo Blitz	Torneo Sub 1600	Torneo FIDR
DATAS:	Venres 20 de Decembro de 2019.	Sábado 21 e Domingo 22 de Decembro de 2019.	Domingo 22 de Decembro de 2019.
SISTEMA:	Suízo a 7 roldas. Valedoiro para ELO FIDE de Blitz.	Suízo a 6 roldas. Valedoiro para ELO FIDE e FEDA.	Suízo a 6 roldas. Valedoiro para ELO FIDE de Rápidas.
RITMO DE XOGO:	5' + 3'' por xogada.	45' + 15'' por xogada.	10' + 5'' por xogada.
HORARIOS:	Presentación: Vénres 20 de Decembro ás 18:50 h. R1: Venres 20 ás 19:00 h. R2: Venres 20 ás 19:20 h. R3: Venres 20 ás 19:40 h. R4: Venres 20 ás 20:00 h. R5: Venres 20 ás 20:20 h. R6: Venres 20 ás 20:40 h. R7: Venres 20 ás 21:00 h.	Presentación: Sábado 21 de Decembro ás 9:45 h. R1: Sábado 21 ás 10:00 h. R2: Sábado 21 ás 12:00 h. R3: Sábado 21 ás 16:00 h. R4: Sábado 21 ás 18:00 h. R5: Domingo 22 ás 10:00 h. R6: Domingo 22 ás 12:00 h.	Presentación: Domingo 22 de Decembro ás 16:00 h. R1: Domingo 22 ás 16:10 h. R2: Domingo 22 ás 16:45 h. R3: Domingo 22 ás 17:20 h. R4: Domingo 22 ás 17:55 h. R5: Domingo 22 ás 18:30 h. R6: Domingo 22 ás 19:05 h. Clausura do festival: 19:40 h.

LOCAL DE XOGO: Auditorio Municipal de Nigrán – Praza da Constitución s/n – Nigrán (Ó carón do Concello).

PREMIOS: Trofeo para o/a Primeiro/a clasificado/a de cada torneo.
Trofeo para o/a Segundo/a clasificado/a de cada torneo.
Trofeo para o/a Terceiro/a clasificado/a de cada torneo.
Trofeo para o/a Cuarto/a clasificado/a de cada torneo.
Trofeo para o/a Quinto/a clasificado/a de cada torneo.

Trofeo para o/a Primeiro/a clasificado/a Sub-16 do torneo FIDR.
Trofeo para o/a Segundo/a clasificado/a Sub-16 do torneo FIDR.
Trofeo para o/a Terceiro/a clasificado/a Sub-16 do torneo FIDR.
Medalla para o resto de participantes.

A entrega de premios dos tres torneos celebrárase o Domingo 22 a partir das 19:40 h.

Non son acumulables, repartiranse pola orde na que están reflexados nestas bases e o/a xogador/a deberá estar presente na entrega.

INSCRICIÓNS: Cuota de inscrición do torneo Blitz: **5 €**. Inclúen os costes das taxas FIDE.
Cuota de inscrición do torneo Sub 1600: **10 €**. Inclúen os costes das taxas FIDE.
Cuota de inscrición do torneo FIDR: **5 €**. Inclúen os costes das taxas FIDE.
Cuota de inscrición especial ós/ás xogadores/as que participen nos tres torneos: **15 €**.
Inscrición gratuita ós/ás xogadores/as do Club de Xadrez Laroca.

Límite de inscricións: ata o Venres 20 de Decembro ás 12:00 h., ou ata chegar ós **101 xogadores/as**, nos torneos Blitz e Sub-1600, e **71 xogadores/as** no torneo FIDR, admitidos por rigurosa orde de inscrición.

Inscricións na web <http://www.xadrezlaroca.gal> ou no **Tlf. 696.672.456**.

DESEMPATES: 1º Encontro directo 2º Bucholz(-1) 3º Sonneborg-Berger 4º Bucholz 5º Progresivo 6º Sorteio.

BASES

- Os/As participantes **deberán estar federados na temporada 2019**. Os/As xogadores/as con bandeira distinta á española sen Código FIDE serán admitidos só cando obteñan dito código na súa Federación.
- **O torneo Sub 1600 está reservado para xogadores/as cun ELO FIDE menor de 1600.**
- O/A xogador/a que non estea na sala de xogo na hora de presentación de cada torneo non será emparellado/a na primeira rolda do torneo correspondente.
- Para a confección da orde de forza inicial nos torneos Blitz e FIDR, utilizarase o ELO FIDE de Blitz e de Rápidas respectivamente, no caso de que algún xogador/a non dispoña dalgunha desas puntuacións, utilizarase o ELO FIDE Estándar.
- Os torneos realizaranse mediante o programa informático VEGA. Os seus emparellamentos non poderán ser discutidos salvo erro na introducción dos resultados.
- O tempo de espera será de **20'** en cada rolda no torneo Sub 1600 e ata a caída da bandeira nos torneos Blitz e FIDR, transcorrido ese tempo, se un xogador/a non se presenta ante o taboleiro, perderá a partida.
- Para o non contemplado nestas bases, atenderanse ás Leis do Xadrez da FIDE do 1º de Xaneiro de 2018.
- A participación nestes torneos supón a aceptación destas bases, sen esquecer que a finalidade dos mesmos é proporcionar un ambiente de cordialidade entre xente cunha afición común. FELICES FESTAS.

ACEPTACIÓN: OS PARTICIPANTES NO TORNEO AUTORIZAN Á PUBLICACIÓN DOS SEUS DATOS PERSOAIS E IMAXES RELACIONADAS CO TORNEO, NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN QUE A ORGANIZACIÓN CONSIDERE OPORTUNOS, COA ÚNICA FINALIDADE DE DAR A ADECUADA DIFUSIÓN DO TORNEO.

